



Jesús de Juana López

Catedrático de Universidade. **Área:** Historia Contemporánea. **Departamento:** Historia, Arte e Xeografía. **Despacho:** 2º Pavillón. Andar 1º. Local 19. **Tfno.:** 988 38 71 12 **E-mail:** jjuaana@uvigo.es

Jesús de Juana López naceu en Molina de Aragón, Guadalajara, en 1949. É Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Vigo na Facultade de Historia de Ourense dende 1993.

Foi Director do Colexio Universitario de Ourense e Vicerreitor da Universidade de Vigo (1989-1993). Actualmente é Director da U.N.E.D. en Ourense. Ten sido Profesor Invitado na Univ. de Rennes 2 Haute Bretagne (Francia) e investigador nos Arquivos Nacionais de Francia (París). Tamén ten sido IP, ou ten participado, en 15 Proxectos de carácter autonómico e nacional, e é experto e evaluador da ANEP e outras Axencias de Calidade. Así mesmo é membro correspondente da Real Academia da Historia.

Autor de numerosos libros, artigos e comunicacións en diversos campos historiográficos, principalmente en temas relacionados coa prensa, co rexionalismo e o nacionalismo galego, coa emigración galega, coa Revolución Francesa en Galicia, e coa historia rexional e local galega, entre outros. Tamén traballou en biografías, historia ourensá, manuais, etc..., ten sido responsable de varios Cursos e Congresos, e coordinador de diversas publicacións.